

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O GRUPO K9 "SO LLES FALTA FALAR" EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

REUNIDOS

Dunha banda, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento por Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 136/2024, do 20 de maio, (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra María Sabell Sierra, DNI: 32784889-E, adestradora canina co código CCA-D-078 da Xunta de Galicia, responsable do grupo K9 de "Só lles falta falar", entidade colaboradora coa Gardia Civil e coa Asociación SOS Desaparecidos para a busca de persoas desaparecidas.

EXPOÑEN

O Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, establece que esta consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, en virtude do establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG número 73, do 14 de abril) e no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG número 81, de 24 de abril) polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Que conforme ao establecido nos artigos 5.4 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

O artigo 56 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, que regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a



colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

Que o Grupo k9 de "So lles falta falar" está capacitado para prestar asistencia en asesoría técnica, apoio e intervención directa, tanto por parte da súa unidade canina, que conta con cans de rastro, grandes áreas por olor de referencia, como por parte dos seus guías e sanitarios en calquera búsqueda de personas desaparecidas.

Que o Servizo de Protección Civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles que teñen un carácter específico e especializado.

Que entre os medios e recursos mobilizables pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos co fin de optimizar recursos e orzamentos, sendo obxecto deste convenio a colaboración coa citada ONG, en materia de protección civil, entendendo esta como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento, poñendo en valor o interese da prevención e socorro así como a práctica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos ou cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O Grupo k9 de "So lles falta falar" ten presenza en todo o territorio galego, está organizada en forma de rede para activar os seus recursos, e as súas persoas membro están dotadas coa necesaria capacitación técnica e estrutura organizativa, adquirida ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil, coa Gardia Civil e coa Asociación SOS Desaparecidos para a busca de persoas desaparecidas, nos que se acadaron bos resultados, o que permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta ante emerxencias e desastres nas que sexa preciso.

Por isto ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro. Obxecto do convenio



O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Grupo k9 de "So lles falta falar" en canto ao apoio que éste poida aportar á acción permanente dos órganos e autoridades competentes en materia de protección civil e emerxencias, na busca e rescate de persoas desaparecidas.

Segundo. Obxectivos específicos

A colaboración centrarase nos seguintes apartados:

- Apoio á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior cando lle sexa requirida a través da Central de Atención de Emerxencias 112-Galicia, podendo participar, en función da súa dispoñibilidade, cos seus cans adestrados, rescatadores, sanitarios e demais voluntarios na búsqueda e rescate de persoas, axustándose ás directrices dadas pola Dirección Xeral.
 - Intervención en emerxencias nas que, unha vez avaliadas as necesidades polos técnicos de protección civil, decidan a actuación dos medios e recursos da Asociación, podendo desprazarse ao lugar onde se producira a emerxencia para colaboración cos recursos alí despregados, integrándose nos distintos equipos de intervención, segundo as necesidades.
 - Participación na planificación e desenvolvemento dos dispositivos de risco previsible que se establezan, tanto específicos como derivados nalgún dos plans de Protección Civil, poñendo á disposición das autoridades os medios e recursos que se precisen e desprazándose ao lugar do dispositivo e incorporándose nos equipos de intervención alí despregados, segundo as necesidades e as indicacións dos técnicos de protección civil.
- Colaborar co persoal técnico da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior na planificación de desenvolvemento de:

- Cursos, xornadas, congresos e demais actividades formativas destinadas ao persoal do sistema integrado de Protección Civil de Galicia.
- Actividades de sensibilización e prevención de accidentes destinadas á poboación en xeral.
- Simulacros organizados ou promovidos pola Dirección Xeral, nos que, a criterio da mesma, sexa precisa a colaboración da Asociación.
- Asesoramento en materia de intervención en emerxencias e prevención de accidentes, conformando grupos de traballo ou remitindo informes técnicos ou calquera outra actividade de asesoramento que sexa precisa.

Calquera outra actividade de interese social na que, en función das capacidades da Asociación e consonte o criterio da Dirección Xeral, sexa necesaria a colaboración.



Terceiro. Mobilización e identificación

Nos supostos de emerxencias ou activación de plans de protección civil ou cando o requirán as autoridades de protección civil da Xunta de Galicia, a mobilización dos medios e recursos do Grupo k9 de "So lles falta falar" en canto ao apoio que este poida aportar á acción permanente dos órganos e realizáranse a través do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia.

Para o cumprimento das devanditas actividades a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comprométese a facilitar os medios e recursos precisos segundo os seus criterios técnicos e a dispoñibilidade orzamentaria. Asemade, para que facilitara a identificación dos medios e recursos da Asociación autorizábase expresamente o uso do logo da central de emerxencias 112 na súa uniformidade e recursos, para as labores a desenvolver.

Cuarto. Publicidade

En concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Quinto. Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran depa-
rarr e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

- A persoa responsable dunha subdirección xeral da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Un/unha técnico/a dependente da mesma

Polo Grupo K9 de "So lles falta falar"

- A persoa que ocupe a presidencia da mesma ou, no seu defecto, calquera outra persoa membro da xunta directiva en quen delegue.
- A persoa responsable de operacións ou, no seu defecto, calquera outra persoa membro da xunta directiva en quen delegue.



Sexto. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

Sétimo. Financiamento

As actividades a desenvolver por este Convenio non implicarán ningún compromiso financeiro para a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e non supoñerán incremento do gasto público nin xerarán gasto algún. Así mesmo, non se derivan nin se asumen contraprestacións económicas entre as partes.

Non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal. En concreto, a realización das mencionadas actividades, non supoñerá, en ningún caso, a percepción de emolumentos ou indemnizacións a cargo da Comunidade Autónoma.

Oitavo. Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, polo conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ao disposto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Noveno. Relación entre as partes

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a entidade que o asina,



de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Décimo. Inscripción como Entidade Colaboradora do Rexistro de Protección Civil.

O artigo 61.2C) do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, determina o procedemento de inscrición na sección de Entidades Colaboradoras do Rexistro de Protección Civil. Entre as condicións que se establecen para que as Entidades Colaboradoras de Protección Civil poidan inscribirse no citado Rexistro, inclúese a copia do convenio suscrito entre a entidade e o órgano competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do presente convenio será condición necesaria para a inscrición do Grupo K9 de "So lles falta falar" na sección de Entidades Colaboradoras de Protección Civil.

Décimo primeiro. Modificación do convenio.

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscrición da correspondente addenda modificativa, que deberá ser suscrita polas mesmas partes que asinan este convenio.

Décimo segundo. Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.



Décimo terceiro. Vixencia

A data de efectos do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente e a través dunha addenda, a súa prórroga por un máximo dun ano máis. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

En proba de conformidade asínase electronicamente o presente convenio na data que figura á marxe.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Pola Xunta de Galicia

Polo Grupo K9 de "Só lles falta falar"

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

María Sabell Sierra

